



CUESTIÓNS TEMA 33: MICROORGANISMOS

1. Fai un esquema para indicar a estrutura dunha bacteria poñendo nome a 5 dos seus compoñentes. Sinala as principais diferenzas (en composición e estrutura) entre a parede celular vexetal e a parede bacteriana. Fai unha clasificación de bacterias en canto ó tipo de nutrición.
2. Describe mediante un esquema o ciclo lítico dun virus. ¿Que é a lisoxenia?
3. Sinala 3 semellanzas e 3 diferenzas entre mitocondrias e bacterias. Di que teoría relaciona bacterias e mitocondrias e explica brevemente o seu enunciado.
4. VIRUS.
 - A) Elabora a túa propia definición de virus incluíndo catro características dos mesmos.
 - B) ¿Cal é a diferenza esencial entre os ciclos lítico e lisoxénico dos virus?.
 - C) ¿Que é un plásmido? ¿Que aplicacións teñen en enxeñería xenética?.
 - D) ¿Por que as enfermidades víricas non se curan con antibióticos?.
 - E) ¿Por que o virus da SIDA produce inmunodeficiencia?
5. A continuación represéntanse as estruturas dunha bacteria e dun virus: a) Nomea todo o sinalado nas figuras. ¿Que tipo de virus é? B) ¿Que é a fermentación? ¿Para que se utiliza en biotecnoloxía? C) ¿Cal é a función da transcriptasa inversa? ¿Que é a latencia viral? D) ¿Que é a clonación?. Cita tres aplicacións da enxeñería xenética.



6. Debuxa a estrutura dunha bacteria, indicando os seus compoñentes. ¿Que tipo de nutrición poden presentar?.
7. ¿Que tipo de virus é o VIH e a que células infecta? ¿Como utilizarías a técnica da PCR para o diagnóstico da SIDA?.
8. Define os seguintes termos: cápside, virión, latencia, profago, bacteriófago.
9. A) Debuxa a estrutura dunha bacteria sinalando os seus compoñentes e indica as súas principais formas de nutrición. B) ¿Que é unha fermentación?, ¿Cal é a súa aplicación na industria alimenticia? ¿Que tipo de microorganismos se empregan nestes procesos?. C) Explicar a teoría da xeración espontánea, ¿É certa esta teoría?, ¿Que científico destacou na investigación desta teoría?.
10. Comenta brevemente a utilidade que poden ter para o home os seguintes microorganismos: Levaduras, Rhizobium, Lactobacillus, bacterias biodegradantes.
11. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:
 - Os virovirus son virus que infectan virus.
 - Oparin e Miller propuxeron que o ADN era unha dobre hélice.
 - A fermentación láctica produce moita lactosa.
 - Os virus que infectan vexetais posúen clorofila para se autorreproduciren.
 - Os retrovirus infectan retrobacterias.
 - As bacterias anaerobias medran en ausencia de osíxeno.
 - O virus da SIDA é un retrofago
 - Os mesosomas son repregues internos da membrana plasmática bacteriana
 - A hipótese da panspermia di que a vida se orixinou noutro planeta.
 - Os lévedos son organismos eucarióticos non fotosintéticos.
 - Os virus son parásitos intracelulares obrigados.
 - A SIDA é una enfermidade causada por bacterias gram positivas.
 - Pasteur demostrou que a teoría da xeración espontánea era falsa.
 - Na fermentación de glicosa podes xerar lactato
 - A penicilina é un antibiótico producido por un fungo.
 - As levaduras son organismos procarióticos que se utilizan con fins industriais.
 - Pasteur foi un eminente científico que demostrou que a teoría da xeración espontánea era falsa.
 - Os retrovirus son virus ARN
 - Os bacteriófagos son as bacterias que infectan a virus.
 - Os virus son estruturas acelulares.
 - Os virus son formas celulares causantes de enfermidades.
 - Os protozoos son organismos unicelulares eucariotas.
 - Os retrovirus sintetizan ADN a partir de ARN mediante a transcritasa inversa.
 - Os virus son parásitos intracelulares obrigados.
 - Algunhas arqueobacterias termófilas poden vivir a T^a por encima dos 80°C